

**ACORDOS NÚMERO 20/2017**  
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**DO DÍA 27 de setembro de 2017**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e sete de setembro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Antonio Pereiro Liñares

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 4- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 5- APROBACION DE FACTURAS.-
- 6- SERVIZOS SOCIAIS. SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.-
- 7- APROBACION DE ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS 3º TRIMESTRE 2017.-
- 8- SERVIZOS SOCIAIS. SOLICITUDE XANTAR NA CASA.-
- 9- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA PECHE PARCIAL DE PARCELA Nº XXX DO POLIGONO 501.-
- 10- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA SUBSTITUCION DO MATERIAL DE CUBRICION NA CUBERTA DUNHA VIVENDA E DUN ALPENDRE EXISTENTES SITO EN SAN MAMEDE - ANDOIO.-
- 11- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA REFORMA DE COCIÑA E BAÑO NUNHA VIVENDA EXISTENTE SITA EN SEIXAN - CABALEIROS.-
- 12- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA COMPRA DE SOPORTES DE CONTENEDORES DE LIXO AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE SETEMBRO DE 2016.-
- 13- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA RENOVACION DO ALUMEADO PUBLICO NA PARROQUIA DE CATENDA LUGAR DE VILAR E OUTROS AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE SETEMBRO DE 2016.-
- 14- DEVOLUCION DE FIANZA DA OBRA CAMIÑO TAÑE-SEIXAN (CABALEIROS) E OUTROS.-
- 15- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-**

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 13.09.2017.

## **2.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

1. Recíbese escrito da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, comunicando as diversas actuacións enmarcardas na Rede de entidades locais contra a violencia de xénero da que forma parte este Concello.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

2. Recíbese escrito da Deputación da Coruña en relación a adhesión á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifesto desta plataforma cívica.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3. Recíbese escrito do Ministerio del Interior en relación a reunión para Información y Coordinación en Prevención y Protección Antiterrorista.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

4. Recíbese escrito da Asociación Ayúdale a Caminar, solicitando unha axuda económica para desenvolver os diversos programas de axuda humanitaria e social.

Acordos adoptados:

Deixar pendente.

## **3.- ESCRITOS VECIÑOS.-**

1.- Dna. A.A.A., veciña do lugar de Meixome parroquia de Leobalde solicita contenedor amarillo debido a gran cantidade de residuos plásticos generados no domicilio.

Acordos adoptados:

Conceder dito contenedor.

2. D. B.B.B. veciño do lugar de Paradela parroquia de Leobalde solicitando tomar as medidas oportunas polo tráfico pesado que pasa polo lugar de Paradela que pon en perigo o Hórreo que está pegado a unha pista.

Acordos adoptados:

Que se realice informe técnico e informe xurídico.

## **4.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-**

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do servizo municipal de augas:

C.C.C., con domicilio en Portomalvis, parroquia de Cabaleiros deste termino municipal.

## **5.- APROBACION DE FACTURAS.-**

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de 71.408,06€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formar da Intervención das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 71.408,06€.

ENTRADA	FACTURA	IMPORTE	TERCERO	APLICACION
F/2017/1663	1700055	2.113,40 €	REMOLQUES GONZALEZ, S.L.	Multiaplicació
F/2017/1674	17 66	5.302,29 €	ROFAYA, S.L.	2017 165 21000
F/2017/1678	Electró	13.912,14 €	GESTAL Y LOPEZ, S.L.	2017 1531 21000
F/2017/1680	17 68	1.651,65 €	ROFAYA, S.L.	2017 165 21000
F/2017/1682	170291	8.866,59 €	VEICAR, S.L.	2017 1621 62500
F/2017/1693	Rect-17 70	39.561,99 €	ROFAYA, S.L.	2017 165 63300
	<b>TOTAL</b>	<b>71.408,06 €</b>		

#### **6.- SERVICIOS SOCIAIS. SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.-**

Acordos adoptados:

1. Concederlle o servizo de axuda no fogar de libre concurrencia aos solicitantes que se describen a continuación:

- D.D.D. domicilio no lugar de Fontán parroquia de Viladoabade.
- E.E.E. domicilio no lugar de Santaia de Gorgullos parroquia de Gorgullos.
- F.F.F. domicilio no lugar de Petón parroquia de Bardaos.

#### **7.- APROBACION DE ACTIVIDADES DE SERVICIOS SOCIAIS 3º TRIMESTRE 2017.-**

Acordos adoptados:

1. Autorizar a realización destas actividades e a dispoñibilidade do Salón de Actas da Casa de Cultura para a súa realización.

#### **8.- SERVICIOS SOCIAIS. SOLICITUDE XANTAR NA CASA.-**

Acordos adoptados:

1. Conceder o servizo de Xantar na Casa vistas as solicitudes formuladas polos seguintes veciños :

- G.G.G.
- H.H.H.

#### **9.- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA PECHE PARCIAL DE PARCELA Nº XXX DO POLIGONO 501.-**

Acordos adoptados:

1. Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 18.09.2017 por don I.I.I., para a comunicación previa de obras de “peche parcial de finca”

2. Deberanse cumprir as observacións do informe técnico de data 22.09.2017 que son as seguintes:

- O muro deberá gardar unha distancia de 8 metros, medidos dende a aresta exterior da explanación da estrada Pontepedra -Anxeriz.

- O formigón non poderá quedar á vista, deberá ser revestido, ou pintado en cores acordos co medio rural.

- O muro non poderá invadir a zona de policía do rego Labardeiras (100 m a cada lado do leito), do contrario,requirirá da autorización previa de Augas de Galicia.

3. Notificarlle ao interesado a presente autorización.

#### **10.- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA SUBSTITUCION DO MATERIAL DE CUBRICION NA CUBERTA DUNHA VIVENDA E DUN ALPENDRE EXISTENTES SITO EN SAN MAMEDE - ANDOIO.-**

Acordos adoptados:

1º Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 12.09.2017 por dona J.J.J., para a comunicación previa de obras de “substitución do material de cubrición na cuberta dunha vivenda e dun alpendre existente”

2º Deberanse cumprir as observacións do informe técnico de data 26.09.2017 que son as seguintes:

- Lémbrese que calquera actuación a maiores das indicadas non está comprendida no expediente, e que calquera modificación na estrutura de cuberta de ambas edificacións requirese solicitude de licenza e presentación dun proxecto firmado po técnico competente. Asemade, lémbrese que o artigo 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei do solo de Galicia, establece que nas edificacións tradicionais existentes en solo rústico poderán rehabilitarse, pero deberán manterse as características esenciais do edificio e da súa tipoloxía orixinaria.

- Segundo o RD 1627/1997, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, a obra considérase de risco especial por caída en altura. Polo tanto, o promotor deberá contratar profesionais que contén cos preceptivos cursos de formación, e a obra estará provista dos medios de protección persoal e colectiva necesarios para o desenvolvemento dos traballos nas debidas condicións de seguridade para os traballadores (equipos de protección individual e colectiva). Así mesmo, se fose o caso, cumprírase o establecido na normativa vixente para o tratamento de amianto no fibrocemento.

3º Notificarlle ao interesado a presente autorización.

#### **11.- COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA REFORMA DE COCIÑA E BAÑO NUNHA VIVENDA EXISTENTE SITA EN SEIXAN - CABALEIROS.-**

Acordos adoptados:

Deixar pendente, por falta documentación según informe técnico do 26.09.2017 por dona M<sup>a</sup> M.M.M., para a comunicación previa de obras de “reforma de cociña e baño nunha vivenda existente”

## **12.- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA COMPRA DE SOPORTES DE CONTENEDORES DE LIXO AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Acordos adoptados:

1º A aprobación da obra e da conta xustificativa da subvención solicitada.

2º Que se cumpriu a finalidade para o cal foi concedida a subvención e o resto do expediente que inclúe o seguinte:

- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables a actuación subvencionada son os que se relacionan a seguido:

<b>ACREEDOR</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>IMPORTE FACTURA</b>	<b>DATA EMISION</b>	<b>DATA RECOÑECIMENT O OBRIGA</b>
Vehiculos, equipamentos y carrocerias Prieto-Puga, S.L.	Sujección contenedor 360L e 800L	170.291	8.866,59	25/09/2017	27/09/2017

- A contratación das obras, equipamentos ou servizos realizouse consonte a normativa de contratación do sector público.

- Que se solicitaron e obtiveron 3 ofertas de diferentes provedores:

<b>PROVEEDOR</b>	<b>NIF</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>IVE</b>	<b>TOTAL</b>
Vehiculos, equipamentos y carrocerias Prieto-Puga,S.L	B15134182	7.327,76€	1.538,83€	8.866,59€
Conenur	B82806738	9.087,80€	1.908,44€	10.996,24€
German y Caamaño, S.L.	B15569007	8.145,00€	1.710,45€	9855,45€

-Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica mais ventaxosa:

<b>PROVEEDOR</b>	<b>NIF</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>IVE</b>	<b>TOTAL</b>
Vehiculos, equipamentos y carrocerias Prieto-Puga,S.L	B15134182	7.327,76€	1.538,83€	8.866,59€

- Tomouse razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.

- Con respecto os pregos que rexeron a contratación das obras, equipamentos ou servizos integrados no proxecto non se incluíron criterios de valoración que incentivan a contratación de mulleres.

**13.- APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA OBRA RENOVACION DO ALUMEADO PUBLICO NA PARROQUIA DE CATENDA LUGAR DE VILAR E OUTROS AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE SETEMBRO DE 2016.-**

Acordos adoptados:

1º A aprobación da obra e da conta xustificativa da subvención solicitada.

2º Que se cumpriu a finalidade para o cal foi concedida a subvención e o resto do expediente que inclúe o seguinte:

- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables a actuación subvencionada son os que se relacionan a seguido:

ACREEDOR	CONCEPTO	Nº FACTUR A	IMPORTE FACTURA	DATA EMISION	DATA RECOÑECEM ENTO OBRIGA
ROFAYA, S.L.	Renovación alumeado publico na parroquia de Castenda: lugar de Vilar e outros	1770	39861,99€	27/09/2017	27/09/2017

- A contratación das obras, equipamentos ou servizos realizouse consonte a normativa de contratación do sector público.

- Que se solicitaron e obtiveron 3 ofertas de diferentes provedores:

PROVEEDOR	NIF	IMPORTE	IVE	TOTAL
ROFAYA, S.L.	B15064835	32943,79€	6918,20€	39861,99€
Insatel Instalaciones, S.L.	B15571318	32943,79€	6918,20€	39861,99€
Grupo Mariño Obras y Servicios, S.L.	B15494594	32943,79€	6918,20€	39861,99€

-Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica mais ventaxosa:

PROVEEDOR	NIF	IMPORTE	IVE	TOTAL
ROFAYA,S.L.	B15064835	32943,79€	6918,20€	39861,99€

- Tomouse razón na contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto subvencionado.

- Con respecto os pregos que rexeron a contratación das obras, equipamentos ou servizos integrados no proxecto non se incluíron criterios de valoración que incentivan a contratación de mulleres.

**14.- DEVOLUCION DE FIANZA DA OBRA CAMIÑO TAÑE-SEIXAN (CABALEIROS) E OUTROS.-**

1.-Pola presidencia infórmase que con data 25/09/2017 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello a solicitude efectuada por SYR-AMG, S.L.U., para a devolución da garantía definitiva da obra "Camiño Tañe - Seixán (Cabaleiros) e Outros", mediante aval bancario da entidade ABANCA por un importe de 1.585,22 euros.

Acordos adoptados:

Devolución da garantía solicitada.

#### **15.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14:15 horas.